



VOTOS A FAVOR 3: VECIÑOS, AXP e CIPA

VOTOS EN CONTRA 5: PP

ABSTENCIÓNS 2: PGD

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 28 de xullo de 2016, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras as diferentes noticias recollidas pola prensa sobre a falta limpeza de diversos lugares do Concello, algúns deles de recoñecido interese turístico e cultural como é o Santiaguíño do Monte, así como as denuncias feitas a esta concelleira por varios veciños e veciñas, vémonos obrigados a presentar esta moción coa intención do que o goberno explique como organiza a limpeza das diversas áreas do Concello (parques, xardíns, pistas, etc) e dado que ao noso entender, non se está xestionando a cuestión adecuadamente propoñer os seguinte **ACORDOS**:

- 1.- Que se realice un planning para xestionar a limpeza da maleza das diferentes áreas do Concello no que conste as datas nas que se vai a proceder á devandita limpeza.
- 2.- Que este planning se publique na web do concello mensualmente ou anualmente, segundo a organización do planning, para que os veciños e veciñas poidan coñecelo.

En Padrón, a 21 de xullo de 2016

Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN